

# E, A MAIORES, O GRAN RETO AMBIENTAL

Nesta mesma páxina do número 151 adiantabamos, hai xa un ano, os malos augurios para o ano 2021. Falabamos do importante incremento experimentado na cotización das materias primas de alimentación animal que sería moi difícil trasladar ao resto da cadea. Diciamos que as administracións non deberían permitir que os gandeiros perdan rendas e moito menos patrimonio para manter unha actividade que, hai nada, cualificaban como esencial para a sociedade. Porén, os propios dirixentes das cooperativas explicarán no tema central deste número, mellor que ninguén, a crise que estamos a vivir e as saídas para a mesma.

O reto ambiental marcará esta década. Os retos ambientais aos que se enfrenta a gandería, como as emisións de gases de efecto invernadoiro, o amoníaco, a calidade da auga e a biodiversidade, serán abordados de forma exhaustiva polo sector nos vindeiros anos. Pero o produtor primario é igualmente importante e debe ser valorado pola súa contribución á produción de alimentos sans, nutritivos e seguros. Temos unha viaxe que facer nesta década, e é importante que a carga sexa compartida por toda a sociedade.

É moi inquietante observar a crecente narrativa dirixida á comunidade agrícola no debate climático. Os que descartan a investigación e as solucións científicas, a favor de respostas demasiado simplistas como a redución do número de vacas/animais, están, na nosa opinión, a caer na trampa do catastrofismo climático. Tamén pode servir para desmotivar a boa parte da sociedade, se o debate sobre o cambio climático se volve sesgado e se centra en cuestións como o número de vacas/animais. Como cooperativas integradas no

rural, non podemos permitir que isto suceda e tampouco imos fuxir dos retos aos que se enfrenta a gandería e a sociedade en xeral.

A mensaxe clave das cooperativas e de AGACA é que moitas das medidas de eficiencia climática son viables dende a perspectiva dun gandeiro que conta cos debidos apoios, por exemplo: mellora do manexo, incorporación de pastos e leguminosas, aplicación de xurros mediante o sistema de bandas con manguerías, alimentación cunha menor ración de proteína bruta etc. Todos os axentes do sector deben reforzar a "viabilidade" das medidas, traballando conxuntamente para reducir as emisións de gases.

Hai que ter en conta a importante contribución do sector lácteo e cárnico á economía rural e de Galicia, ás exportacións e á creación de emprego. A vantaxe competitiva do noso sistema de produción baseado en herba e millo forraxeiro e a baixa pegada de carbono do sector, baseada en comparacións, así como o risco asociado de fuga de carbono reforzarán unha resposta racional. Explicaremos a contribución do noso sector gandeiro á seguridade alimentaria e á provisión dunha nutrición saudable e sustentable de gran calidade.

No 2022 abordaremos cuestións cruciais para a gandería galega sabendo que a UE avanza con obxectivos climáticos novos moi ambiciosos. Tamén coñecemos o debate en curso sobre o futuro do transporte de animais vivos, o uso das gaiolas... Por iso, insistimos en camiñar xuntos cara a un futuro sustentable para o sector.

**COORDINACIÓN** Rosa Vázquez Segade, **REDACCIÓN, ADMINISTRACIÓN E PUBLICIDADE** AGACA Rúa Tomiño, 22 Entrechán, 15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA) T: 981 584 783 **CONSELLO DE REDACCIÓN** Higinio Mougán Bouzón, Rosa Vázquez Segade, Mario Fdez, Redondo, Loli Couso Costa, Carlos Ares Fernández, Ruth Rodríguez Ferreiros, David Vila López, Esperanza Otero Pérez, María Rey Campos, **CONSELLO REITOR AGACA** **Presidenta** Carmen Rodríguez Rodríguez, **Vicepresidente** José M, López Tellado, **Secretario** José Luis Rey Rodríguez, **Tesoureiro** Javier Iglesias Sendín, **Vogais** Rafael Tejada Vázquez, Alberto Amil Chaves, Xoán Allegue López, **Xerente** Higinio Mougán Bouzón **IMPRESIÓN** GRÁFICAS GARABAL, S.L. TIRADA 7,000 exemplares **Dep, Legal:** C-752/90 AGACA non se identifica necesariamente coas opinións e contidos publicados neste número,

